

IES TORRENTE  
BALLESTER

**Programación do  
departamento de  
LINGUA GALEGA E  
LITERATURA**

**ano 2019-20**

VOLUME 1  
1º e 2º ESO

## Sumario

1. Introducción.....	3
2. DISTRIBUCIÓN DA MATERIA EN BLOQUES.....	6
3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA educación secundaria.....	7
4. COMPETENCIAS CLAVE e contribución dA LGL ao seu desenvolvemento.....	8
5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	12
6. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN para a ESO.....	13
7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.....	17
7.1. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: PLANIFICACIÓN.....	17
7.2. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO.....	17
7.3. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO.....	17
7.4. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.....	17
1. CONTIDOS.....	20
2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	22
3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	25
4. TEMPORALIZACIÓN.....	28
5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	38
6. PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA PARA 1º da ESO.....	39
1. CONTIDOS.....	42
2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	47
3. ESTÁNDARES E INDICADORES.....	55
4. TEMPORALIZACIÓN.....	65
5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	78
6. RECUPERACIÓN DOS ALUMNOS COA MATERIA DE 1º SUSPENSA.....	79
7. PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA PARA 2º da ESO.....	79

## 1. INTRODUCCIÓN

O «papel» heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a «Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural» (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo «O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais», mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental «Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas», mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as

crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

## 2. DISTRIBUCIÓN DA MATERIA EN BLOQUES

**O bloque 1, «Comunicación oral. escoitar e falar»**, atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

**O bloque 2, «Comunicación escrita. Ler e escribir»**, ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

**O bloque 3, «Funcionamento da lingua»**, integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

**O bloque 4, «Lingua e sociedade»**, céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

**O bloque 5, «Educación literaria»**, asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliados, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

### 3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA

Os obxectivos didácticos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos, practicar a tolerancia, a cooperación e solidariedade, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural e democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### 4. COMPETENCIAS CLAVE E CONTRIBUCIÓN DA LGL AO SEU DESENVOLVEMENTO

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Dado que a aprendizaxe baseada en competencias se caracteriza pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe tratarse dende todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese en que a adquisición das competencias é un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Ademais, esta aprendizaxe implica unha formación integral das persoas que, ao rematar a etapa académica, serán capaces de transferir os coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparezan na opción de vida que elixan. Así, poderán reorganizar o seu pensamento e adquirir novos coñecementos, mellorar as súas actuacións e descubrir novas formas de acción e novas habilidades que lles permitan executar eficientemente as tarefas, favorecendo unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

##### 1. Comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia refírese á utilización da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia é preciso abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender as cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións en que se concretan:



- A compoñente lingüística abrangue diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.
- A compoñente pragmático-discursiva contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- A compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- A compoñente estratéxica permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos. Tamén forman parte desta compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe unha compoñente persoal que intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

## **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicarlos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, á química, á bioloxía, á xeoloxía, ás matemáticas e á tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos

asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

### **3. Competencia dixital (CD)**

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación desta, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

### **4. Aprender a aprender (CAA)**

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

### **5. Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estaturo de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos

Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Polo tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

## **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en acto, o que significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns e cidadás emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

## **7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Polo tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

## 5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

A atención educativa á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Trátase de conseguir que todas as persoas consigan acadar o máximo desenvolvemento persoal e social, polo que é necesario facilitarlles unha educación adaptada ás súas singularidades, que garanta a igualdade efectiva de oportunidades, ofrecéndolles os recursos necesarios.

Habitualmente achamos nos diversos grupos alumnas e alumnos que manifestan problemas para seguir o ritmo normal do curso. Isto pódese deber a diversas causas: carencias arrastradas de cursos anteriores, problemas de aprendizaxe por limitacións de calquera tipo, falta de interese ou de integración, etc.

Un dos casos que máis se deben ter en conta, dentro do capítulo de persoas con limitacións de aprendizaxe que deben ser atendidas con recursos especiais, é o do **alumnado procedente de países nos que non se fala a lingua galega**, pois sen dúbida o descoñecemento do idioma de ensino é unha primeira e importante dificultade para enfrontarse á materia.

É preciso contar con ferramentas que busquen, nun primeiro momento, a integración plena deste alumnado nas aulas de LGL, e, nun segundo momento, lles faciliten a adquisición gradual das claves do idioma e as ferramentas para o seu manexo instrumental e o coñecemento da súa gramática.

Un problema de partida é a enorme diversidade de casos que se poden dar en alumnado de procedencia foránea, que podemos agrupar do seguinte xeito:

a) Alumnos de procedencia lingüístico-cultural dispar, con coñecementos moi elementais ou inexistentes dun idioma vehicular común que poida servir para a comunicación co profesorado e cos compañeiros.

Dentro deste grupo diferenciaríamos:

a-1) Aqueles que carecen por completo dunha lingua vehicular que sirva de medio transmisor no noso ámbito (galego, castelán, francés, inglés...). Adoitan entrar neste caso alumnos de orixe árabe, oriental, Europa do leste, África...

a-2) Aqueles alumnos que, procedentes das mesmas latitudes, posúen rudimentos dunha lingua que pode actuar como vehicular (galego, castelán, francés...).

b) Alumnos procedentes do resto do Estado, de Iberoamérica ou de países próximos de Europa, que teñen o galego, o portugués ou ben o castelán como lingua propia. Neste grupo incluíriáanse alumnos do grupo a) con coñecementos amplos dalgún destes idiomas.

Existen aínda outros factores que, ao combinalos cos anteriores, complican máis o panorama. Son o nivel académico global no que se incorporan ao instituto e o número de cursos de LGL que teñan realizado antes, que os fornecerá dun maior ou menor grao de coñecemento da nosa lingua e de integración co resto do alumnado.

En consonancia con estas dificultades e, sobre todo, coa complexísima casuística que se dá no ámbito da diversidade, a adaptación da Programación Xeral será en moitos casos unha prerrogativa e un traballo de cada profesor/a, que será quen deba diagnosticar a situación de partida de cada alumno en base a unha avaliación inicial, e a partir de aí desenvolver estratexias de integración e de aprendizaxe con actuacións personalizadas, que por norma xeral implicarán unha redución dos contidos e das esixencias con relación ao previsto na Programación Xeral.

Obviamente, a aplicación das medidas que se programen estará supeditada á atención xeral ao grupo, sempre prioritaria. No caso de tratarse dun grupo de alumnos problemático ou de baixo nivel, a atención que requiren os alumnos do ámbito da diversidade pode verse limitada. Polo contrario, de tratarse dun grupo de bo nivel, o ambiente de traballo e a solidariedade poden axudar enormemente a que estas persoas progresen na materia.

Para Lingua e Literatura de ESO, contéplanse actividades de atención á diversidade no propio libro do alumnado, contra o final de cada unha das unidades. A maiores, poderán usarse materiais (como a Proposta didáctica do libro de texto) para facilitar o traballo co alumnado que presenta meirandes dificultades de aprendizaxe. As ditas actividades están adecuadas ao currículo vixente para cada nivel da ESO e non alteran os seus obxectivos, competencias clave, contidos, estándares de aprendizaxe avaliábeis e criterios de avaliación, senón que os adaptan para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás características individuais e os estilos de aprendizaxe que poida presentar o alumnado.

## 6. INSTRUMENTOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN PARA A ESO

### 6.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A. TRABALLO DIARIO: 10% da nota avaliación trimestral.

É o seguimento individual de cada alumno ao longo das horas lectivas de cada avaliación. Esta observación está suxeita a diversas continxencias (alta “ratio” de alumnos por aula para falaren ou seren “observados”, maior ou menor participación, grao de espontaneidade...) polo que a equidade e precisión deste instrumento de avaliación poden ser moi desiguais. A valoración deste apartado, en cada avaliación, **poderá acadar un máximo do 10% da nota da avaliación trimestral**. Neste apartado inclúense os seguintes métodos:

#### A.1. ACTIVIDADES DE AULA

##### A.1.1. Intervencións:

As intervencións abranguen un amplo espectro de participacións orais na aula durante o desenvolvemento da mesma (respostas a preguntas xerais ou particularizadas, aclaracións a outros compañeiros, aplicación de coñecementos adquiridos para solucionar dificultades que poidan xurdir...). Esta avaliación será computada polo profesor no decurso dos períodos lectivos.

##### A.1.2. Exercicios de aula:

Durante as sesións académicas aos alumnos poderáselles encargar realizar traballos ou exercicios de diversa índole propostos polo profesor, colectivos ou individuais, con resolución oral ou escrito ou no taboleiro.

## A.2. EXERCICIOS EXTERNOS

Son actividades realizadas polos alumnos en solitario, fóra da actividade regrada no centro, a proposta do profesor, relacionados cos contidos tratados na aula (comentarios, test, elaboracións de textos de diverso tipo...). A realización destes exercicios poderá ser voluntaria ou obrigada, segundo o criterio do profesor, e a corrección dos mesmos pode ser xeral ou apenas seleccionando algúns alumnos. En todo caso procurárase que todos os alumnos teñan un mínimo de exercicios avaliados por avaliación.

## B. PROBAS DE LECTURA DE LIBROS

### B.1. probas de libros de lectura obrigada (por trimestre) 10% da nota avaliación trimestral.

Ao longo de cada trimestre os alumnos deberán demostrar a lectura de, como mínimo, un libro proposto pola profesora ou profesor, segundo o método que considere máis conveniente (lista aberta, lista pechada, lectura obrigada...). Da lectura deste libro deberán dar conta nunha proba específica (oral ou escrita, segundo o criterio do profesor). A nota obtida nesta proba será o 10% da nota de avaliación do trimestre correspondente.

En caso de o profesor ou a profesora optar por realizar de modo oral as probas de lectura obrigada poderá, nesa mesma proba, avaliar a capacidade do alumno no que respecta aos contidos do bloque 1: *Expresión oral: oír e falar*. que corresponde a un 10% da nota total do trimestre.

De non se faceren as probas dos libros obrigados de maneira oral seguirase o punto D. que segue para a comprobación das destrezas do bloque 1.

### B.2. Probas de libros de lectura voluntaria (nota final)

Para alén das descritas arriba, os profesores poderán realizar outras probas (orais ou escritas) sobre DOUS libros escollidos polo alumno de maneira voluntaria entre os LIBROS propostos pola profesora ou profesor de entre os que figuran na programación ou doutros, ao seu criterio. Correspondéndolle a cada libro 0'50 ptos. como puntuación máxima que se sumará á nota final, resultante da media dos tres trimestres. Como consecuencia as lecturas voluntarias terán como máximo un valor de 1 punto que se agrega á nota final de curso.

## C. PROBAS ESCRITAS:

Diferéncianse dúas categorías de probas escritas habituais mais unha con carácter extraordinario ou excepcional.

### C.1. Exames trimestrais (ordinarios):

Os exames serán probas xerais que todos os alumnos dunha aula deberán realizar na mesma data (salvo casos excepcionais xustificadas). Neles farase unha comprobación dos estándares ESTABLECIDOS PARA O TRIMESTRE escolléndose, a criterio do profesor, aqueles que sexan máis significativos para comprobar a consecución da adquisición de capacidades básicas. En cada avaliación deberá realizarse como mínimo un exame, sen prexuízo de que os profesores poidan establecer dous ou máis exames para a avaliación dun trimestre.

A valoración destes exames será equivalente ao **70% da nota total da avaliación de cada trimestre**.

### C.2. Exame final e proba extraordinaria

Unicamente as alumnas e alumnos que non acaden a media de 5 puntos ao se calcular a media das notas dos trimestres terán que realizar un exame final para superar a materia correspondente ao curso.

Este exame será deseñado para comprobar a consecución das capacidades básicas e realizarase no mes de xuño, en data por determinar. Neste caso **a nota obtida na proba escrita será a nota final do curso.**

En caso de non superar o curso polos procedementos acima indicados, as alumnas e alumnos terán que presentarse a unha convocatoria extraordinaria, marcada pola X. de Estudos para o mes de setembro. Neste caso, , tamén, **a nota obtida na proba escrita será a nota final do curso.**

D. PROBAS ORAIS: 10% da nota da avaliación trimestral

A proba de competencia oral poderá realizarse, á parte das notas de aula tomadas sobre o bloque 1, a través da comprobación de lectura de libros obrigados, nos casos en que os profesores decidan realizala de forma oral ou mediante a realización de exposicións orais, en presenza dos seus compañeiros, sobre un contido ou un aspecto da programación oficial, segundo o criterio do profesor ou profesora.

En calquera dos casos a exposición oral permitirá á profesora ou profesor avaliar o desenvolvemento das capacidades da alumna ou alumno no que respecta aos contidos do Bloque 1 (Falar e escoitar). Na avaliación da exposición ou proba oral entrarán a se considerar tanto os aspectos teóricos da presentación como os lingüísticos orais, (adequación ao nivel, vocabulario, claridade expositiva, fonética, corrección gramatical, etc) como a claridade expositiva e a capacidade de controlar as propias emocións durante a exposición. É así que se avaliarán estándares de aprendizaxe (e os contidos correspondentes) como os referidos á capacidade de uso e planificación do discurso oral, os referidos ao discurso oral espontáneo, á argumentación e os da revisión do proceso de elaboración así como os referidos á procura e contraste de información, planificación e presentación de discursos orais.

## 6.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Aínda que a avaliación dos alumnos debe considerarse como o resultado final do proceso de ensino-aprendizaxe ou como mínimo como o resultado de cada ano académico, os alumnos serán avaliados, como se ven facendo desde hai tempo, durante cada ano académico, en tres períodos ou etapas. Estes tres diferentes momentos correspóndense coas tres avaliacións tradicionais: a 1ª avaliación, na semana do 16 ao 19 de decembro; a 2ª avaliación, na semana do 30 ao 31 de marzo e 3ª avaliación, nas semanas do 19 ao 22 de xuño.

### 6.2.1. AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS

Como indica o texto do decreto de 29 de xuño de 2015, en cada avaliación os profesores deben outorgar a cada alumno unha nota (numérica e conceptual no presente modelo) para definir o grao de consecución do proceso de aprendizaxe de cada un dos membros do alumnado. Seguindo este método, a nota de cada avaliación procederá dos resultados obtidos pola alumna ou alumno a través dos diversos instrumentos de avaliación definidos arriba no apartado correspondente desta programación.

A nota numérica será o resultado obtido da suma dos diversos procedementos de avaliación arriba indicados. O Procedemento de “traballo na aula”, con todas as súas modalidades ten un valor máximo de 10% da nota da avaliación. Os exames escritos trimestrais representan o 70 % do total da nota do trimestre. O libro de lectura obrigada en cada avaliación, valerá outro 10% e a nota obtida na comprobación de competencia oral suporá o 10% restante.

A nota final do curso resultará da media aritmética dos resultados das tres avaliacións.

Os alumnos que obtiveren 5 ou máis puntos desta media aritmética das notas trimestrais estarán aprobados e non terán que realizar ningunha proba escrita máis (exame final). Os alumnos con notas igual ou superior a 5 que teñan realizado as probas de lectura voluntaria de libros sumarán o resultado desa proba á nota final de curso.

Se a media das tres avaliacións é unha nota inferior a 5 puntos, deberá realizar unha proba escrita extraordinaria (exame final). Porén, se a nota media fose de 4 e ao longo do curso tivese realizado proba de un ou dous libros voluntarios, a puntuación obtida, poderá sumarse á media e, de ser igual ou superior a 5 o resultado final, aprobar sen ter que presentarse ao exame final.

Se a nota dunha ou máis avaliacións trimestrais é igual ou inferior a 3 non se realizará a media final aínda que a media der 5 ou mais puntos. Neste caso a alumna ou alumno deberá facer o exame final, pero se só ten unha das avaliacións (a 1ª ou a 2ª, non a terceira) suspensa o profesor poderá darlle a escoller entre ir ao exame final con toda a materia ou presentarse só a esa avaliación suspensa

#### CRITERIOS DE CORRECCIÓN ESCRITA:

Os seguintes criterios son aplicábeis a todas as probas, exercicios, traballos e demais actividades escritas que os alumnos entreguen ao longo do curso.

Por cada falta de ortografía, morfosintáctica ou léxico-semántica poderase descontar entre 0'05 e 0'50 até un máximo de un 20% da puntuación total do exame ou proba escrita ou, nalgúns casos concretos, dalgunha das preguntas en concreto. En todo caso, no exame ou proba escrita especificarase o criterio aplicado.



## 7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

### 7.1. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: PLANIFICACIÓN

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

### 7.2. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

### 7.3. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos de forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Propón actividades grupais e individuais.

### 7.4. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a

- avaliación dos diferentes contidos.
- 7.Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
  - 8.Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
  - 9.Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
  - 10.Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
  11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

# **1º de ESO**

## 1. CONTIDOS

### **Bloque 1.** Comunicación oral. escoitar e falar.

- 1.1 Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.
- 1.2 Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e académico (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).
- 1.3 Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- 1.4 escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.
- 1.5 Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
- 1.6 Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- 1.7 Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- 1.8 Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).
- 1.9 Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.
- 1.10 Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

### **Bloque 2.** Comunicación escrita. Ler e escribir.

- 2.1 Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- 2.2 Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.
- 2.3 Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.
- 2.4 Comprensión e interpretación de textos do ámbito académico, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.
- 2.5 Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- 2.6 Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.
- 2.7 Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.
- 2.8 Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.
- 2.9 Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- 2.10 Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- 2.11 Producción, en soporte papel ou dixital, de textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
- 2.12 Producción, en soporte papel ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

- 2.13 Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.
- 2.14 Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.

### **Bloque 3.** Funcionamento da lingua.

- 3.1 Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- 3.2 A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- 3.3 Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.
- 3.4 Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- 3.5 Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- 3.6 Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio...) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.
- 3.7 Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deixé personal.
- 3.8 Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- 3.9 Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- 3.10 Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- 3.11 Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- 3.12 Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- 3.13 Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

### **Bloque 4.** Lingua e sociedade.

- 4.1 Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- 4.2 O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- 4.3 A lusofonía
- 4.4 Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.
- 4.5 Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- 4.6 Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- 4.7 Os prexuízos lingüísticos.
- 4.8 Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.

**Bloque 5.** Educación literaria.

- 5.1 Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- 5.2 Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- 5.3 Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.
- 5.4 Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.
- 5.5 Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- 5.6 Producción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- 5.7 Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.
- 5.8 Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

## 2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**Bloque 1.** Comunicación oral. escoitar e falar.

- 1.1 Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.
- 1.2 Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- 1.3 Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.
- 1.4 Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
- 1.5 Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.
- 1.6 Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- 1.7 Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- 1.8 Participar activamente en situacións propias do ámbito académico (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expoñer conclusións).
- 1.9 Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
- 1.10 Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

**Bloque 2.** Comunicación escrita. Ler e escribir.

- 2.1 Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- 2.2 Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.
- 2.3 Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.
- 2.4 Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito académico do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, información de dicionarios, enciclopedias en distintos soportes.
- 2.5 Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- 2.6 Mostrar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
- 2.7 Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.
- 2.8 Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.
- 2.9 Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- 2.10 Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- 2.11 Producir, en soporte papel ou dixital, textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
- 2.12 Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
- 2.13 Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.
- 2.14 Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.

**Bloque 3.** Funcionamento da lingua.

- 3.1 Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
- 3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
- 3.3 Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.
- 3.4 Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- 3.5 Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
- 3.6 Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.
- 3.7 Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.
- 3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).
- 3.9 Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- 3.10 Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- 3.11 Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.

- 3.12 Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- 3.13 Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

#### **Bloque 4.** Lingua e sociedade.

- 4.1 Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
- 4.2 Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo das diferentes contornas familiares do alumnado.
- 4.3 Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
- 4.4 Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- 4.5 Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- 4.6 Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.

#### **Bloque 5.** Educación literaria.

- 5.1 Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- 5.2 Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- 5.3 Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.
- 5.4 Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.
- 5.5 Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- 5.6 Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- 5.7 Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.
- 5.8 Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.



### 3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

#### **Bloque 1.** Comunicación oral. escoitar e falar.

- 1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).
- 1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.
- 1.2.1 Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico.
- 1.2.2 Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- 1.3.1 Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- 1.3.2 Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume) e o significado da linguaxe non verbal.
- 1.4.1 Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.
- 1.4.2 Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
- 1.4.3 Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.
- 1.5.1 Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
- 1.5.2 Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.
- 1.6.1 Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.
- 1.6.2 Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.
- 1.6.3 Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
- 1.7.1 Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- 1.7.2 Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das 7 vogais, n velar, fonema fricativo palatal xordo).
- 1.7.3 Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).
- 1.7.4 Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
- 1.8.1 Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción.
- 1.8.2 Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.
- 1.9.1 Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
- 1.9.2 Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade
- 1.9.3 Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.
- 1.9.4 Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.
- 1.9.5 Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
- 1.9.6 Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
- 1.10.1 Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.

1.10.2 Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.

**Bloque 2.** Comunicación escrita. Ler e escribir.

- 2.1.1 Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.
- 2.1.2 Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.
- 2.1.3 Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.
- 2.1.4 Busca o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.
- 2.1.5 Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc).
- 2.1.6 Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.
- 2.1.7 Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.
- 2.2.1 Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
- 2.3.1 Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.
- 2.4.1 Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.
- 2.4.2 Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.
- 2.5.1 Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- 2.6.1 Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
- 2.6.2 Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais, sexistas.
- 2.7.1 Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.
- 2.7.2 Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.
- 2.7.3 Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.
- 2.8.1 Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.
- 2.8.2 Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.
- 2.8.3 Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.
- 2.8.4 Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).
- 2.8.5 Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- 2.9.1 Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- 2.10.1 Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- 2.10.2 Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.
- 2.11.1 Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.
- 2.12.1 Produce textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

- 2.13.1 Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.
- 2.13.2 Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.
- 2.14.1 Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.
- 2.14.2 Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.

### **Bloque 3.** Funcionamento da lingua.

- 3.1.1 Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.
- 3.2.1 Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.
- 3.3.1 Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.
- 3.4.1 Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- 3.4.2 Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
- 3.5.1 Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.
- 3.6.1 Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.
- 3.7.1 Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.
- 3.8.1 Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- 3.9.1 Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.
- 3.9.2 Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.
- 3.10.1 Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- 3.11.1 Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.
- 3.12.1 Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- 3.13.1 Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

### **Bloque 4.** Lingua e sociedade.

- 4.1.1 Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.
- 4.1.2 Coñece as linguas que se falan en Galicia.
- 4.1.3 Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.
- 4.1.4 Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música, xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.
- 4.2.1 Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo da súa contorna familiar e a do resto do alumnado.
- 4.2.2 Coñece e valora os antropónimos galegos.
- 4.3.1 Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
- 4.4.1 Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.

- 4.5.1 Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na da súa contorna.
- 4.6.1 Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.
- 4.6.2 Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.
- 4.6.3 Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.

### **Bloque 5. Educación literaria.**

- 5.1.1 Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- 5.2.1 Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.
- 5.2.2 Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- 5.3.1 Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.
- 5.4.1 Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.
- 5.5.1 Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- 5.6.1 Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- 5.7.1 Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística .
- 5.7.2 Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.
- 5.7.3 Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.
- 5.7.4 Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.
- 5.8.1 Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

## **4. TEMPORALIZACIÓN**

### **1ª AVALIACIÓN**

#### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR**

4 sesións

B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.

- Escoita activa das intervencións alleas.

B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

- Expresión oral: narración breve relacionada coa lectura

B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).

- O faladoiro ou coloquio.
- Expresión oral: coloquio sobre as tarefas domésticas.
- Intercambio de opinións e exposición de conclusións en equipo.
- Expresión oral: coloquio sobre un tema de interese persoal.
- Reflexión oral sobre o léxico empregado no texto.

B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación

do discurso, prácticas orais formais e informais.

- Expresión oral: entrevista por parellas

B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.

- Reflexión oral a partir dos textos.

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

4 sesións

B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

Actividades de comprensión textual.

- Análise de textos breves
- Busca de información complementaria.

B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.

- Investigación sobre plurilingüismo en Europa.

B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.

- Lectura expresiva e comprensiva dun texto narrativo

B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.

- A adecuación.
  - A coherencia
  - A comunicación e os seus elementos: emisor, receptor, mensaxe, código e canle.
  - Da palabra ao texto: palabra, frase, oración, parágrafo e texto.
  - Reflexión sobre o texto: rexistros lingüísticos.
  - O tema.
  - O título.
  - A idea principal

B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

- Expresión escrita: redacción dun breve texto instrutivo.
- Expresión escrita: narración breve sobre a temática da lectura.
- Expresión escrita: redacción dun guión de banda deseñada.
- Expresión escrita: redacción dun breve texto relacionado coa lectura

B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.

- Emprego do procesador de textos.

## BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

14 sesións

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Os antónimos.
- O campo semántico do corpo, os sentimentos e o carácter, a saúde e a enfermidade, a roupa e os complementos.
- A formación de palabras: derivación, composición e parasintese.
- Reflexión lingüística: frases feitas.

B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias

- Práctica de pronuncia

B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

- Reflexión lingüística: o acento diacrítico.
- Reflexión lingüística: colocación dos pronomes.
- O alfabeto: letras e dígrafos.
- Vogais e consoantes.
- Os sons vocálicos do galego.
- A sílaba. Tipos de sílabas e tipos de palabras segundo o seu número de sílabas.
- Ditongo, tritongo e hiato.
- Normas para a partición de palabras a final de liña.
- As regras de acentuación ortográfica.
- Palabras de acentuación dubidosa.
- Revisión das regras ortográficas : b/v, z/c, g/gü/gu, r/rr, h, grupos consonánticos...

B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.

- O substantivo.
- Clasificación semántica dos substantivos.
- O xénero: formación do feminino e substantivos invariables.
- O número: formación do plural.
- O adxectivo: o epíteto e o adxectivo especificativo.
- Graos do adxectivo
- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas para a creación e comprensión de textos.

B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deixé persoal.

- A cohesión.
- Mecanismos de cohesión textual: a anáfora ou repetición; a deixé (deixé de persoa, de espazo e de tempo) e a substitución.

B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.

- A concordancia co substantivo.
- A frase substantiva.
- A frase nominal.
- A concordancia co adxectivo.
- A frase adxectiva.

B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

- O enunciado.
- A intención comunicativa e os tipos de enunciado: enunciativo, interrogativo, exclamativo, dubitativo, desiderativo.

B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

#### BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

4 sesións

B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. A lusofonía.

- A diversidade lingüística no mundo.
- Familias lingüísticas. A lusofonía.
- Linguas románicas.
- Linguas da Península Ibérica
- O individuo multilingüe ou políglota.
- Europa plurilingüe.
- Linguas minorizadas e linguas dominantes

#### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

6 sesións

B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.

- Desenvolvemento do criterio lector.

- Lectura, posta en común e observación de obras literarias.
- Lectura comprensiva de textos literarios .
- Lectura, posta en común e análise de textos narrativos.

B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

- O texto: definición.
- Textos literarios e non literarios: características.
- Os xéneros literarios (narrativo, dramático e lírico).

B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.

Información sobre o autor do texto.

- Desenvolvemento do criterio lector.
- O texto narrativo. Elementos do texto narrativo: personaxes, espazo, tempo, voz narradora e punto de vista.

B5.6. Producción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

- Expresión escrita: creación dun relato desde varios puntos de vista.

B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.

- A banda deseñada.
- As imaxes das bandas deseñadas. O encadre e os tipos de plano.
- As palabras das bandas deseñadas. Os globos.
- O ruído e o movemento. As onomatopeas e os signos cinéticos.

## 2ª AVALIACIÓN

### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

4 sesións

B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral.

- Expresión oral: realización de entrevistas.

B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).

- Comprensión oral de textos instrutivos, textos poéticos, de cartas e de fábulas.

B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto

- A conversa espontánea: características.
- Recomendacións para manter interaccións orais de calidade

B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.

- Consulta dunha páxina web.

B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

- Saúdos e presentacións.
- Expresión oral: instrucións, recitado de textos poéticos e narración dunha fábula.
- Expresión oral: conversa improvisada.

B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).

- Reflexión oral sobre a temática da lectura e exposición de conclusións.
- Organización dun debate sobre un tema de actualidade ou relacionado coas lecturas.

B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.

- Expresión oral: planificación e presentación dunha narración oral.
- Planificación e presentación dunha exposición oral sobre a relación entre a paisaxe, a flora, a fauna e a toponimia.

- Planificación oral dunha exposición breve.

B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá.

- Expresión oral: discusión sobre un tema de interese persoal.
- Expresión oral: formulación de invitacións e aceptación ou rexeitamento destas

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

4 sesións

B2.1 Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

- Actividades de comprensión textual
- O subliñado: pautas para subliñar con eficacia.
- O resumo: pautas para a súa realización.
- Interpretación de iconas empregadas na comunicación dixital.

B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.

- Lectura comprensiva dun texto instrutivo, poético, carta e dunha fábula.
- Os textos xornalísticos.

B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información.

- Utilización de recursos dixitais.
- Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- Os xornais dixitais.

B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.

- Reflexión sobre o texto.

B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.

- Lectura expresiva dun texto narrativo e dun texto instrutivo.

B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente

- Expresión escrita: planificación dun texto instrutivo, dunha carta, dun poema e dunha fábula.
- Expresión escrita: recensión do argumento dun filme.

B2.10. Produción, a partir dun modelo, de textos instrutivos, poéticos, dunha carta, dunha fábula, en formato dixital.

- Expresión escrita: redacción dunha receita de cociña.
- Produción, a partir dun modelo, dun poema
- Expresión escrita: redacción dunha carta.

B2.12. Produción de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

- A descripción.
- Pautas para facer descrições.
- Clases de descrições: descripción obxectiva ou denotativa e descripción subxectiva ou connotativa.
- Expresión escrita: descripción breve.
- Expresión escrita: creación dun diálogo relacionado coa lectura
- Expresión escrita: redacción dun breve texto explicativo sobre o contido da lectura.
- Expresión escrita: redacción dun breve texto de opinión.

B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.

- Emprego do procesador de textos.

## BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

16 sesións

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Reflexión lingüística: o sentido figurado.
- Reflexión lingüística: léxico da casa, a paisaxe, os animais
- O campo semántico da casa, a paisaxe e os animais.
- Frase feitas relacionadas co léxico dos campos semánticos anteriores
- Palabras tabú e eufemismos.
- Os sinónimos.



- A familia léxica.
- Os préstamos. Estranxeirismos.

B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.

- Vogais abertas e pechadas en pares diacríticos. A diérese.

B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.

- Procura de información sobre un tema dado.

B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

- Reflexión lingüística: uso do *h*.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- O til diacrítico. Pares diacríticos.
- Uso gráfico e pronuncia de *c/z/qu*.
- Algunhas palabras rematadas en *-zo* e *-za*.
- Uso de *cc/ct*.
- Algunhas palabras que manteñen os grupos cultos tras as vogais *i, u*.
- Uso de *b*.
- Uso de *v*.
- Algunhas palabras con *b*.
- Algunhas palabras con *v*.
- Uso de *m* ante *b* e uso de *n* ante *v*.
- Reflexión lingüística: ditongos e hiatos.
- Reflexión lingüística: terminacións *-cia/-za* e *-cio/-zo*.
- Reflexión lingüística: grupo *-cc-*.
- Reflexión lingüística: feminino dos substantivos rematados en *-ón*.
- Os signos de puntuación
- As maiúsculas e as minúsculas
- Reflexión lingüística: conxuncións comparativas.

B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas, así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.

- Reflexión lingüística: o xénero dos substantivos invariables.
- As funcións DETERMINANTE e NÚCLEO: clases de palabras que poden desempeñalas.
- Reflexión lingüística: prefixos de negación; a raíz "fobia".
- O pronome persoal.
- Pronomes persoais tónicos: definición, formas e funcións.
- Pronomes persoais átonos: definición, formas e funcións.
- Casos en que o pronome vai antes do verbo.
- *Te* e *che*.
- Pronome átono de terceira persoa en función de CD.
- Conxuncións comparativas *ca* e *coma*.
- Contraccións dos pronomes de complemento directo e complemento indirecto.

B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.

- A concordancia dentro das frases.

B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.

- Avaliacións das intervencións orais.

B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

- Relacións de parentesco entre as linguas peninsulares.

#### BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

2 sesións

B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

- As variedades da lingua.
- As variedades sociais.
- Vivir en galego.
- O lecer en galego.

B4.4. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.

- Situación legal das linguas do Estado.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Situación social das linguas do Estado.

#### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

4 sesións

B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.

B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.

- Lectura comprensiva dun texto narrativo
- Lectura expresiva e comprensiva dun texto poético.
- Información sobre a autora do texto.
- Desenvolvemento do criterio lector.
- O xénero lírico: medida dos versos, a rima e as estrofas.

### 3ª AVALIACIÓN

#### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

4 sesións

B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.

B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).

- Expresión oral: comprensión dun texto xornalístico.
- Expresión oral: comprensión dun texto dramático.

B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.

- A prosodia: o acento, o ton e a entoación.
- A linguaxe non verbal.

B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.

- Consulta e visualización comprensiva dun programa de televisión dedicado á lingua.
- Escoita activa dunha noticia.

**B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.**

- Utilizar o dicionario con fluidez e autonomía.
- Coñecer as características xerais do dicionario.
- Interpretar adecuadamente a información lingüística e complementaria dos dicionarios.
- Comparar e usar dicionarios en papel e en formato dixital.
- Explicar a información complementaria contida nunha entrada de dicionario dada.

**B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.**

- Identificar e explicar os usos do adxectivo nun texto dado.
- Empregar adecuadamente o adxectivo na súa produción escrita.
- Utilizar as conxuncións comparativas en enunciados conforme as súas normas de uso.
- Completar, transformar e comentar textos escritos aplicando as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.

**B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.**

- Coñecer o alfabeto e sinalar os nomes das grafías en textos dados.
- Combinar as letras do alfabeto para a creación de palabras.
- Coñecer as normas de uso do *h* e aplicar estes coñecementos na escrita.
- Ampliar o seu coñecemento dos prefixos gregos grafados con *h*.
- Utilizar correctamente o *b* e o *v* na súa produción escrita.
- Empregar correctamente o *s* e o *x* na súa produción escrita.
- Coñecer e aplicar pautas para a revisión dos textos escritos.
- Dar mostras de valorar positivamente a aplicación das normas ortográficas e morfolóxicas nos textos.
- Empregar adecuadamente os grupos consonánticos *bl / br, pl / pr e fl / fr* en enunciados e textos dados.
- Distinguir o léxico que contén os grupos consonánticos *bl / br, pl / pr e fl / fr*.
- Empregar correctamente os grupos cultos *-cc- / -ct-* en palabras dadas.
- Utilizar correctamente os grupos *pc* e *pt* na redacción dun texto breve.
- Completar adecuadamente palabras rematadas en *-cio, -cia, -zo, -za*.
- Clasificar as palabras segundo a súa sílaba tónica.
- Identificar pares diacríticos e explicar a diferenza entre ambos os termos.
- Acentuar correctamente enunciados e textos dados.
- Xustificar o uso do til nunha serie de palabras.
- Corrixir erros referentes ao uso dos signos de interrogación e exclamación e á acentuación de pronomes en enunciados dados.
- Coñecer as normas e pautas de uso das parénteses e as comiñas.
- Xustificar razoadamente o uso das parénteses e comiñas nun texto.
- Transformar textos dados utilizando adecuadamente parénteses e comiñas.

- Escribir enunciados empregando correctamente os signos de interrogación e exclamación.
- Explicar as funcións das comiñas dobres e as parénteses empregadas nun texto.
- Elaborar enunciados utilizando adecuadamente parénteses e comiñas.

### B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.

- Coñecer as pautas e normas de uso do punto, a coma e o punto e coma.
- Analizar a puntuación en textos dados, de xeito guiado.
- Coñecer as normas e pautas de uso dos dous puntos, os puntos suspensivos e os signos de interrogación.
- Puntuar correctamente textos dados.
- Explicar a diferenza de significado entre unha parella de enunciados con distinta puntuación.
- Explicar razoadamente o uso dos dous puntos e os puntos suspensivos nun texto.

### B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.

- Distinguir os lexemas en palabras dadas.
- Diferenciar e clasificar os morfemas en termos dados.
- Distinguir os prefixos e os diferentes tipos de sufixos en palabras dadas.
- Caracterizar morfoloxicamente o substantivo.
- Identificar os substantivos nun texto dado.
- Coñecer os xentilicios correspondentes a unha serie de substantivos localizados nun texto.
- Formar o feminino dunha serie de xentilicios.
- Recoñecer nun texto dous adxectivos formados a partir de substantivos.
- Identificar os verbos nun texto dado e recoñecer o seu suxeito.
- Caracterizar morfoloxicamente verbos dados.
- Recoñecer os tempos verbais en formas dadas.
- Empregar os morfemas precisos para dotar de coherencia un texto.
- Ampliar o seu repertorio léxico mediante o coñecemento de prefixos e sufixos para formar novas palabras.
- Transformar correctamente o xénero dos substantivos en enunciados dados, mantendo a concordancia.
- Formar axeitadamente o plural dos substantivos dunha serie.
- Empregar con corrección unha serie de substantivos invariables na construción de enunciados.
- Escribir exemplos de palabras rematadas en -l e formar correctamente o plural destas.
- Escribir adxectivos a partir dunha serie dada de substantivos.
- Escribir enunciados a partir de verbos dados, conxugándoos nos tres modos verbais.

### B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

- Identificar e explicar os principais mecanismos de cohesión textual: anáfora, substitución e elipse.
- Recoñecer e clasificar distintos conectores textuais en textos dados.
- Empregar, de xeito guiado, mecanismos de cohesión para corrixir e completar textos.
- Empregar conectores textuais na redacción de textos, de xeito guiado

### B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.

- Identificar frases nun texto e distinguir entre simples e complexas.
- Recoñecer o núcleo das frases nunha serie de cláusulas.
- Localizar o modificador nunha serie de frases tiradas dun texto.
- Analizar sintacticamente frases subliñadas en cláusulas dadas.
- Elaborar enunciados atendendo aos compoñentes sintácticos.
- Completar enunciados engadindo adecuadamente unha serie de modificadores.
- Identificar razoadamente cláusulas nun texto e distinguir entre simples e complexas.
- Recoñecer cláusulas subordinadas e distinguir entre substantivas, adxectivas e adverbiais.
- Reparar na concordancia entre suxeitos e predicados nun texto.
- Recoñecer as unidades que desempeñan a función de suxeito en cláusulas dadas.
- Sinalar os pronomes adecuados como suxeito de predicados dados.
- Clasificar predicados dados en formas simples e perífrases verbais.
- Distinguir entre as cláusulas transitivas e intransitivas dunha serie.
- Clasificar os predicados dunha serie de cláusulas en reflexivos, recíprocos e impersonais.
- Analizar nun texto os complementos directos e substituílos polos pronomes correspondentes.
- Transformar enunciados substituíndo os obxectos indirectos polos pronomes adecuados.
- Analizar os complementos circunstanciais en enunciados dados.
- Identificar e caracterizar nun texto as unidades en función de suxeito.
- Analizar os predicados sinalados nun texto.
- Sinalar en cláusulas tiradas dun texto as funcións sintácticas de suxeito, CD, CI e CC, así como as unidades que as desempeñan.

### B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.

- Analizar textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos.
- Recoñecer o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Propor solucións de mellora para os erros propios e alleos.

### B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e de películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares

como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

**B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.**

- Valorar e utilizar os coñecementos adquiridos no curso para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
- Traducir ao galego unha serie de enunciados en lingua portuguesa.
- Reflexionar sobre a proximidade entre o galego e o portugués e as diferenzas co castelán.
- Inferir, a partir do contexto, o significado de “falsos amigos” en lingua portuguesa.
- Dramatizar e comprender un texto bilingüe (galego-inglés).

#### **BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE**

**B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.**

- Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade.
- Definir os conceptos “lingua ambiental” e “lingua materna”.
- Coñecer, explicar e analizar a diferenza entre linguas minoritarias e minorizadas.
- Analizar, aplicando os coñecementos adquiridos, a situación sociolingüística do galego como lingua maioritaria e minorizada.
- Coñecer as linguas que se falan en España.
- Valorar as linguas faladas en España como un elemento de riqueza cultural.
- Compartir a súa experiencia lingüística cos demais membros da clase.
- Valorar a importancia de falar galego no contexto lusófono.
- Coñecer os territorios que integran a comunidade lusófona e calcular, coa axuda dun mapa, o seu tamaño.
- Empregar recursos de lecer en lingua portuguesa (vídeos en rede) e comprender o seu contido.

**B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.**

- Coñecer o servizo de normalización lingüística do seu concello e valorar a súa importancia.
- Procurar información sobre iniciativas pola normalización lingüística no ámbito local e reflexionar sobre estas.
- Informarse sobre a situación sociolingüística do galego no seu concello e comparala coa situación doutros contextos.
- Diseñar en grupo unha campaña para aumentar o uso do galego no seu concello.
- Interesarse por contribuír á normalización do idioma no seu contorno.
- Definir o concepto “lingua materna” ou “lingua inicial”.
- Reflexionar oralmente sobre os factores que condicionan a aprendizaxe e o uso dunha lingua.
- Definir os conceptos “bilingüismo individual” e “bilingüismo social” e reflexionar sobre estes a partir da propia experiencia.
- Analizar, de xeito guiado, a evolución da situación sociolingüística do galego nunha década a partir dun gráfico.
- Dar mostras de comprender e rexeitar os prexuízos asociados ao uso do galego.
- Definir topónimo e antropónimo.
- Ampliar o seu coñecemento dos topónimos do seu contorno e valoralos positivamente.
- Analizar a frecuencia dos antropónimos galegos no seu contorno e coñecer a forma propia para os nomes en castelán.
- Coñecer tres topónimos e tres antropónimos e empregalos nun texto breve.

**B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.**

- Coñecer a lexislación relativa ao galego no sistema educativo (Lei de normalización lingüística).
- Reflexionar en grupo, baixo guía, sobre a conveniencia da discriminación positiva.
- Analizar, coa axuda duns gráficos, a situación do galego no ámbito educativo.
- Reflexionar por escrito, en relación cun texto lido, sobre a importancia do ensino para a normalización do galego.
- Analizar, de xeito guiado, a propia práctica lingüística.
- Reflexionar sobre o proceso de normalización do galego.
- Valorar a importancia da propia contribución individual e social á normalización da lingua galega.
- Analizar a propia práctica lingüística coa axuda dun cuestionario.

**B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español.**

- Coñecer a existencia da Lei de normalización lingüística e comprender os aspectos máis relevantes do seu contido.

- Reflexionar, empregando o propio criterio, sobre a situación sociolingüística do galego, en relación coa aplicación da Lei de normalización lingüística

**B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.**

- Definir “prexuízo lingüístico”, empregando o propio léxico.
- Detectar e analizar a presenza de prexuízos na propia práctica.
- Procurar argumentos para rebater os propios prexuízos.
- Recoñecer, de xeito guiado, prexuízos de carácter socioeconómico asociados ás linguas.
- Dar mostras de comprender e rexeitar os prexuízos asociados á lingua galega.
- Razoar sobre a validez da lingua galega para a música, facendo uso dos coñecementos e valores adquiridos.
- Reflexionar, a partir dun texto, sobre os prexuízos asociados ao uso do galego.

**B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.**

- Distinguir as diferenzas entre os tipos de rexistro.
- Reflexionar sobre o emprego de diferentes rexistros na súa práctica lingüística.
- Identificar o tipo de rexistro adecuado a diferentes situacións comunicativas.
- Empregar o rexistro adecuado en función do contexto e intención comunicativa.
- Identificar razoadamente o rexistro empregado nun texto e ofrecer equivalencias léxicas noutra variante diafásica.
- Recoñecer, de forma guiada, o léxico empregado na xerxa estudantil.
- Coñecer os trazos da variedade estándar e reflexionar sobre o seu uso.
- Valorar o estándar como variante unificadora.
- Recoñecer nun texto a variedade estándar e explicar as diferenzas de pronuncia respecto da variedade occidental.
- Reflexionar sobre a existencia de prexuízos asociados ás variedades dialectais.
- Debater sobre o uso do galego nos medios de comunicación.
- Empregar os trazos propios da súa zona en situacións comunicativas acaídas

## **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

**B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.**

- Ler con regularidade obras literarias.
- Desenvolver progresivamente o seu criterio lector.
- Asimilar, progresivamente, os trazos formais e estéticos dos textos.
- Coñecer a traxectoria dos autores e autoras dos textos de lectura.

**B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.**

- Ler comprensivamente textos poéticos e dar mostras explícitas da súa interpretación.
- Responder correctamente preguntas sobre o contido dos textos.
- Resumir o argumento dos poemas.
- Ofrecer un título alternativo acaído para composicións poéticas lidas.
- Realizar unha dramatización dun poema, por parellas.
- Identificar os trazos xerais do texto poético.
- Recoñecer a medida dos versos e a presenza de rima nunha composición.
- Explicar algúns dos recursos formais do texto poético: paralelismo, aliteración, antítese e anáfora.
- Ler comprensivamente e escoitar audicións de poemas cantados e cancións.

**B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.**

- Ler expresivamente textos narrativos e mostrar a súa comprensión de xeito explícito.
- Identificar os trazos xerais do texto narrativo.
- Coñecer os tipos principais de descrición.
- Distinguir os tipos principais de narración segundo o punto de vista da voz narradora.
- Ler comprensivamente un cómic.
- Comentar a linguaxe gráfica dunha banda deseñada, en relación co seu contido.

**B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.**

- Ler dramatizada e comprensivamente un texto teatral e mostrar a comprensión do seu contido.
- Comentar os trazos xerais dun texto teatral.

**B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.**

- Procurar cancións de artistas galegos e identificar nelas, de forma razoada, os trazos propios do poema.
- Escoitar unha canción contida nun texto de lectura.

- Comparar as coincidencias e diferenzas entre o texto teatral e a canción.
- Definir varios xéneros mencionados nun texto.

**B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.**

- Distinguir os trazos propios dos textos narrativos, descritivos e dialogados.
- Identificar nun texto fragmentos narrativos, descritivos e dialogados.
- Analizar, de forma guiada, textos poéticos atendendo á súa estrutura e métrica.
- Identificar en textos poéticos os recursos formais estudados (paralelismo, aliteración, antítese e anáfora).
- Explicar razoadamente a función das anotacións nun texto teatral.

**B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.**

- Empregar os trazos propios dos textos narrativos, descritivos e dialogados para transformar textos dados.
- Escribir un poema relacionado coa temática dunha lectura.
- Escribir un poema servíndose dun modelo analizado.
- Redactar unha descrición breve de temática relacionada coa dun texto de lectura.
- Escribir un diálogo relacionado coa temática dunha lectura.
- Asimilar e utilizar os recursos traballados na aula na súa produción escrita.

**B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.**

- Coñecer os trazos definitorios da linguaxe cinematográfica.
- Definir, en equipo, termos de uso frecuente na linguaxe cinematográfica.
- Analizar, de forma guiada, un tráiler dun filme galego.

**B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.**

- Realizar, baixo guía, procuras bibliográficas en Internet.
- Aproveitar os fondos da biblioteca para a realización de traballos na aula.
- Citar adecuadamente os títulos de volumes procurados nas bibliotecas.

### 3. ESTÁNDARES E INDICADORES

#### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

**LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).**

- Ve atentamente vídeos e responde correctamente preguntas sobre o seu contido.
- Reflexiona sobre a normalización do galego no ámbito educativo, a partir dun vídeo.

**LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.**

- Sintetiza oralmente a mensaxe transmitida nun vídeo.

**LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.**

- Expón a idea xeral transmitida en textos orais do ámbito social e educativo.
- Reflexiona sobre o contido de textos orais de diversa índole.

**LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.**

- Segue instrucións para a realización das tarefas.

**LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).**

- Coñece as máximas de cooperación e as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e dá mostras de aprecialas.
- Explica o uso de máximas e normas de cortesía en enunciados dados.
- Recoñece os trazos xerais e a estrutura da conversa.
- Emprega fórmulas adecuadas para manifestar a súa discrepancia.
- Intervén na orde que lle corresponde.
- Mostra respecto ante as intervencións alleas.
- Recoñece e evita a linguaxe discriminatoria.

**LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.**

- Recoñece a importancia da linguaxe non verbal e reflexiona sobre o seu uso.
- Interpreta o significado de diferentes entoacións en textos orais.
- Recoñece o significado dos elementos non verbais en textos do ámbito audiovisual.
- Coñece o significado de diferentes expresións xestuais.

LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.

- Escoita comprensivamente textos informativos procedentes da televisión.
- Identifica a intención comunicativa en textos orais informativos.

LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.

- Coñece os trazos propios do texto oral informativo.
- Comenta, en grupo, as características propias dos titulares do medio televisivo.

LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.

- Reflexiona criticamente sobre as mensaxes dos textos orais informativos.

LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.

- Dá mostras de apreciar a emisión dunha pronuncia e prosodia correctas.

LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.

- Escoita con atención vídeos e reflexiona sobre os prexuízos asociados á pronuncia do galego.

LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

- Realiza unha en voz alta descrición relacionada cun aspecto do contido dun texto.
- Participa activamente en conversas do ámbito educativo.
- Adecúa o seu discurso á situación e intención comunicativa.
- Exprésase con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).

- Intervén de forma fluída.
- Respecta as regras morfosintácticas do galego nas súas intervencións espontáneas.
- Pronuncia adecuadamente as sete vogais, o n velar e o fonema fricativo palatal xordo.

LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).

- Emprega a fraseoloxía estudada nas súas intervencións orais

LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.

- Utiliza un léxico adecuado, rico e variado.

LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.

- Procura información para a planificación das súas exposicións orais.
- Procura e selecciona ideas para a realización dun guión cinematográfico.

LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.

- Utiliza o teléfono móbil para gravar unha escena cinematográfica.
- Emprega recursos de apoio nas súas presentacións orais

LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.

- Participa activamente en debates e faladoiros.
- Respecta as regras de interacción.
- Escoita con atención e respecto as opinións alleas.

LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.

- Expresa a súa opinión mediante argumentos lóxicos e de forma clara, coherente e convincente.
- Emprega o léxico estudado na clase nas súas intervencións orais.
- Segue o guión proposto para o desenvolvemento dun debate.
- Prepara os seus argumentos con antelación e utiliza información contrastada.
- Modera un debate ou respecta as instrucións do/a moderador/a

LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiros/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.

- Reflexiona, por parellas, a partir dun texto e expón conclusións en voz alta.
- Reflexiona, individualmente, a partir dun texto e expón conclusións en voz alta.
- Crea un diálogo, en grupo, a partir do contido dunha lectura.

LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.

- Elabora, individualmente e en grupo, guións para realizar exposicións orais.
- Realiza exposicións orais planificadas.
- Realiza unha narración oral relacionada co contido dunha lectura.
- Escribe, en grupo, un guión cinematográfico.



- Planifica, en grupo, unha escena aplicando os coñecementos adquiridos na unidade sobre a linguaxe cinematográfica.
- Presenta un discurso ordenado.

LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.

- Fai un uso eficaz dos aspectos prosódicos e da linguaxe non verbal.
- Manifesta un progresivo autocontrol das emocións ao falar en público.
- Diríxese ao auditorio con autoconfianza.
- Coñece os trazos propios da comunicación non verbal.
- Exprésase empregando elementos non verbais en representacións de diferentes situacións.
- Realiza exposicións orais de carácter formal empregando eficazmente a linguaxe non verbal.
- Fai uso da linguaxe non verbal para representar unha escena cinematográfica.

LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.

- Incorpora o vocabulario estudado nas súas intervencións orais.
- Emprega léxico adecuado, rico e variado nas súas prácticas orais.

LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.

- Pronuncia de forma clara e conforme as regras fonéticas do galego.
- Coida a pronuncia, adapta a entoación e o ritmo e realiza as pausas necesarias.

LGB1.9.5. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.

- Trata de evitar e corrixe erros nas súas intervencións orais.

LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.

- Representa, por parellas, un diálogo propio da vida cotiá relacionado coa temática dunha lectura.
- Simula conversas aplicando os coñecementos adquiridos.
- Participa activamente en conversas sobre aspectos persoais relacionados co contido das lecturas.
- Medita e organiza os seus argumentos de forma eficaz.
- Emprega fórmulas adecuadas para manifestar discrepancia.
- Emprega as fórmulas adecuadas para expresar a súa opinión.
- Chega a acordos con facilidade.
- Utiliza o léxico estudado na clase.

LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.

- Realiza, baixo guía, enquisas sobre diversos temas do currículo e a vida cotiá.
- Realiza oralmente unha solicitude formal.
- Expón argumentos e aclaracións de forma adecuada.

LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.

- Exprésase oralmente en situacións representadas utilizando as normas de cortesía adecuadas.
- Utilizar as fórmulas de tratamento axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.

LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.

- Distingue as diferenzas entre o discurso formal e o discurso espontáneo.
- Emprega o rexistro adecuado á situación comunicativa.

LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.

- Elabora, baixo guía, un esquema a partir dun texto dado.
- Transforma un texto dado en esquema, aplicando os coñecementos adquiridos.
- Coñece as pautas xerais para a elaboración dun mapa conceptual.
- Completa cadros con información procedente das lecturas.
- Resume o contido dunha lectura.
- Extrae información dun texto mediante a elaboración dunha listaxe.

LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.

- Relaciona termos extraídos dunha lectura con sinónimos dunha serie dada.
- Explica coas propias palabras o significado do léxico destacado nun texto.
- Busca no dicionario o significado dunha serie de termos destacados nun texto.
- Le comprensivamente un texto e comenta, de xeito guiado, o léxico empregado nel.
- Procura nun texto a palabra apropiada para cada unha das definicións dunha serie.
- Utiliza o léxico adquirido na construción de enunciados.
- Achega sinónimos para termos definidos.

LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.

- Mostra explicitamente a súa comprensión do contido dun texto.
- Sintetiza a idea principal de cada un dos parágrafos dun texto.
- Ofrece títulos alternativos acaídos para un texto de lectura.
- Responde correctamente preguntas sobre os textos.

- Indica se son verdadeiras ou falsas unha serie de afirmacións sobre o contido dunha lectura e corrixe estas últimas conforme o sentido do texto.
- Extrae catro ideas relevantes dun texto.
- Razona a relación existente entre o título e o contido dun texto.

LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.

- Explica aspectos do contido dun texto extraendo información implícita.
- Explica razoadamente aspectos gráficos dun texto en relación co seu contido.

LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.

- Realiza consultas bibliográficas para consultar dúbidas e ampliar a información dos textos.
- Procura información en Internet, de xeito guiado, para ampliar os coñecementos extraídos dos textos.
- Responder unha serie de preguntas sobre un texto empregando información tirada de Internet.

LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.

- Reflexiona, por escrito, sobre a mensaxe dun poema en relación coa propia experiencia.
- Contrasta, por escrito, a información dun texto coa propia experiencia.
- Relaciona, oralmente, o contido dunha lectura coa propia experiencia.

LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.

- Mostra explicitamente a súa comprensión de textos propios da vida cotiá e as relacións sociais: o diario e a carta.
- Identifica as características propias do diario nun texto dado.
- Coñece os trazos xerais dos blogs.
- Identifica as características e estrutura propias da carta persoal a partir dun texto dado.
- Mostra explicitamente a súa comprensión de textos propios da vida cotiá e as relacións sociais: a solicitude.
- Refire as partes en que debe organizarse un modelo estándar de instancia.
- Identifica e ordena as partes dunha solicitude dada.
- Mostra explicitamente a súa comprensión de textos propios da vida cotiá e as relacións sociais: o folleto.
- Identifica as características propias do folleto nun texto dado.
- Define "díptico" e "tríptico" e sinala as diferenzas entre ambos.

LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.

- Interpreta correctamente un plano dunha cidade.
- Redacta un texto breve a partir dun plano.

LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.

- Dá mostras de interpretar correctamente normas de convivencia e regras de xogos.
- Respecta as normas propostas na realización das tarefas.

LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).

- Le comprensivamente noticias e dá mostras explícitas da súa lóxica interpretación.
- Coñece os trazos propios da noticia e recoñece a súa estrutura habitual.
- Distingue entre o título e o subtítulo dunha noticia dada.

LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.

- Analiza e distingue as partes que compoñen a portada dun xornal.
- Compara, en grupo, as primeiras páxinas de varios xornais diferentes, tanto impresos como dixitais.
- Distingue entre titulares informativos e valorativos e explica as diferenzas entre eles.
- Indica e explica o tema dunha serie de titulares.

LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.

- Le comprensivamente un texto tirado dunha enciclopedia e responde correctamente preguntas sobre o seu contido.
- Identifica o tema dun texto enciclopédico e resume a información de cada parágrafo.

LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.

- Identifica as características específicas do texto académico e enciclopédico.
- Utiliza adecuadamente enciclopedias en papel e en formato dixital.
- Compara diferentes enciclopedias dixitais e impresas.

LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.

- Coñece dicionarios en versión dixital e impresa.
- Emprega os dicionarios con frecuencia e fluidez

LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.

- Coñece o funcionamento das bibliotecas, o seu sistema de busca e normas xerais de uso.
- Coñece o fondo bibliográfico das bibliotecas de Galicia en Internet.
- Procura dixitalmente un libro de lectura na biblioteca do centro.

LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatórios.

- Reflexiona baixo guía, a partir dun texto, sobre os prexuízos xenófobos.
- Define, coas propias palabras, un prexuízo reflectido nun artigo xornalístico.
- Indica o tema de varios titulares de artigos relativos á inxustiza social e a discriminación

LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.

- Expresa razoadamente a súa opinión sobre un aspecto da temática dunha lectura

LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.

- Define coas propias palabras diferentes tipos de discriminación mencionados nunha serie de titulares.

LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.

- Dá mostras de respectar as opinións alleas

LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.

- Le en voz alta textos diversos, adaptando a dicción, a entoación e o ritmo á tipoloxía textual e situación comunicativa correspondentes.

LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz.

- Emprega o móbil para gravar unha escena fílmica

LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.

- Elabora un mapa conceptual a partir dunha serie de ideas dada.
- Utiliza habitualmente esquemas sinxelos para organizar as ideas e estruturar os textos

LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.

- Segue uns criterios para a boa presentación dos textos.
- Escolle, entre parellas de textos, os máis correctos desde o punto de vista comunicativo.
- Adecúa os textos ao rexistro formal.

LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).

- Comenta textos dados reparando nos mecanismos de cohesión empregados neles.
- Emprega diferentes mecanismos de cohesión na súa produción escrita.

LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas).

- Comenta a puntuación dun texto en relación coa súa organización oracional e os parágrafos.
- Puntúa adecuadamente os seus textos.

LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.

- Revisa os textos para corrixir erros gramaticais, adecuar o rexistro e formular as ideas de forma clara e coherente.

LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.

- Escribe textos breves empregando o procesador de textos coa función de corrección.

LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.

- Elabora gráficos a partir de datos.
- Elabora campañas publicitarias empregando logos e ilustracións.
- Complementa as súas producións textuais (folletos, fichas etc.) coa introdución de ilustracións.

LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.

- Escribe unha carta dirixida a un xornal sobre a temática dunha lectura.
- Elabora un anuncio para unha campaña de carácter social relacionada coa temática dunha lectura.
- Escribe, seguindo unhas pautas, un diario.
- Redacta unha carta persoal aplicando os coñecementos adquiridos na unidade correspondente.
- Escribe adecuadamente solicitudes, seguindo unhas pautas.
- Elabora un folleto en grupo, seguindo unhas pautas e aplicando os coñecementos adquiridos na unidade correspondente.
- Redacta unha conversa de Whatsapp ficticia relacionada co contido dunha lectura.

LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).

- Redacta textos xornalísticos a partir dos modelos estudados: titulares, noticias, portadas de xornal.

LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.

- Redacta adecuadamente textos breves de carácter educativo: resumos, informes, descrições e explicacións sobre contidos do currículo.
- Crea unha ficha de temática científica, seguindo o modelo exposto nun texto de lectura.

LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.

- Redacta textos narrativos breves relacionados cos contidos das lecturas.
- Redacta textos descritivos relacionados cos contidos das lecturas.

LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descrições sen parafrasear o texto resumido.

- Reescribe, empregando o propio léxico, fragmentos de textos.

LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos.

- Emprega adecuadamente o procesador de textos, de xeito progresivo.
- Usa de forma axeitada a función de corrección no procesador de textos.

LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos.

- Dá mostras de valorar a escritura como fonte de aprendizaxe.
- Utiliza a escrita para reflexionar sobre os coñecementos e comunicar experiencias propias.

### BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.

- Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado coa casa e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.
- Emprega hiperónimos relativos a campos semánticos propios do ámbito do fogar.
- Explica o significado de frases feitas relacionadas co léxico da casa.
- Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado coa alimentación e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.
- Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado coa diversidade social e cultural e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.
- Recoñece e emprega lexemas e sufixos gregos frecuentes na denominación de diferentes tipos de discriminación social.
- Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado coa música e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.
- Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado co contorno e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.
- Emparella antónimos relativos ao contorno.
- Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado coa radio e a televisión e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.
- Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado co cine e o teatro e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.
- Amplía o seu coñecemento do léxico relativo ao parentesco e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.
- Relaciona unha serie de frases feitas coas súas correspondentes definicións.
- Emprega en enunciados propios fraseoloxía relacionada co parentesco.
- Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado co tempo cronolóxico e incorpóralo ás súas producións orais e escritas.

LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.

- Sinala a correspondencia entre fonemas e grafías en palabras dadas.
- Recoñece os fonemas vocálicos e consonánticos do galego.
- Pronuncia correctamente os fonemas vocálicos e consonánticos en palabras dadas, reparando no punto de articulación.

LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.

- Utiliza o dicionario con fluidez e autonomía.
- Coñece as características xerais do dicionario.
- Interpreta adecuadamente a información lingüística e complementaria dos dicionarios.
- Compara e usa dicionarios en papel e en formato dixital.
- Explica a información complementaria contida nunha entrada de dicionario.

LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.

- Identifica e explica os usos do adxectivo nun texto dado.
- Emprega adecuadamente o adxectivo na súa produción escrita.

- Utiliza as conxuncións comparativas en enunciados conforme as súas normas de uso.
- Completa, transforma e comenta textos escritos aplicando as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.

#### LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

- Coñece o alfabeto e sinala os nomes das grafías en textos dados.
- Combina as letras do alfabeto para a creación de palabras.
- Coñece as normas de uso do *h* e aplica estes coñecementos na escrita.
- Amplía o seu coñecemento dos prefixos gregos grafados con *h*.
- Utiliza correctamente o *b* e o *v* na súa produción escrita.
- Emprega correctamente o *s* e o *x* na súa produción escrita.
- Emprega adecuadamente os grupos consonánticos *bl / br, pl / pr, fl / fr* en enunciados e textos dados.
- Distingue o léxico que contén os grupos consonánticos *bl / br, pl / pr, fl / fr*.
- Emprega correctamente os grupos cultos *-cc-* / *-ct-* en palabras dadas.
- Utiliza correctamente os grupos *pc* e *pt* na redacción dun texto breve.
- Completa adecuadamente palabras rematadas en *-cio, -cia, -zo, -za*.
- Clasifica as palabras segundo a súa sílaba tónica.
- Identifica pares diacríticos e explica a diferenza entre ambos os termos.
- Acentúa correctamente enunciados e textos dados.
- Xustifica o uso do til nunha serie de palabras.
- Coñece as normas e pautas de uso das parénteses e as comiñas.
- Xustifica razoadamente o uso das parénteses e comiñas nun texto.
- Transforma textos dados utilizando adecuadamente parénteses e comiñas.
- Escribe enunciados empregando correctamente os signos de interrogación e exclamación.

#### LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.

- Coñece e aplica pautas para a revisión dos textos escritos.
- Dá mostras de valorar positivamente a aplicación das normas ortográficas e morfolóxicas nos textos.
- Corrixe erros referentes ao uso dos signos de interrogación e exclamación e á acentuación de pronomes en enunciados dados.

#### LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.

- Coñece as pautas de uso do punto, a coma e o punto e coma.
- Analiza a puntuación en textos dados, de xeito guiado.
- Coñece as normas e pautas de uso dos dous puntos, os puntos suspensivos e os signos de interrogación.
- Puntúa correctamente textos dados.
- Explica a diferenza de significado entre unha parella de enunciados con distinta puntuación.
- Explica razoadamente o uso dos dous puntos e os puntos suspensivos nun texto.

#### LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.

- Distingue os lexemas en palabras dadas.
- Diferencia e clasifica os morfemas en termos dados.
- Distingue os prefixos e os diferentes tipos de sufixos en palabras dadas.
- Caracteriza morfoloxicamente o substantivo.
- Identifica os substantivos nun texto dado.
- Ofrece os xentilicios correspondentes a unha serie de substantivos localizados no texto.
- Forma o feminino dunha serie de xentilicios.
- Recoñece nun texto dous adxectivos formados a partir de substantivos.
- Identifica os verbos nun texto dado e recoñece o seu suxeito.
- Caracteriza morfoloxicamente verbos dados.
- Recoñece os tempos verbais en formas dadas.

#### LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.

- Reescribe un texto dado empregando os morfemas precisos para dotalo de coherencia.
- Amplía o seu repertorio léxico mediante o coñecemento de prefixos e sufixos para formar novas palabras.
- Transforma correctamente o xénero dos substantivos en enunciados dados, mantendo a concordancia.
- Forma axeitadamente o plural dos substantivos dunha serie.
- Emprega con corrección unha serie de substantivos invariables na construción de enunciados.
- Escribe exemplos de palabras rematadas en *-l* e forma correctamente o plural destas.
- Escribe adxectivos a partir dunha serie dada de substantivos.
- Escribe enunciados a partir de verbos dados, conxugándoos nos tres modos verbais.

#### LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.

- Identifica nos textos e explica os principais mecanismos de cohesión textual: anáfora, substitución e elipse.
- Recoñece e clasifica distintos conectores textuais en textos dados.

#### LGB3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna.

- Emprega, de xeito guiado, mecanismos de cohesión para corrixir e completar textos.
- Emprega unha serie de conectores textuais para organizar como texto unha serie de enunciados.

- Redacta un texto breve, de forma guiada, utilizando diferentes organizadores do discurso.

LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.

- Identifica frases nun texto e distingue entre simples e complexas.
- Recoñece o núcleo das frases nunha serie de cláusulas.
- Localiza o modificador nunha serie de frases tiradas dun texto.
- Analiza sintacticamente frases subliñadas en cláusulas dadas.
- Elabora enunciados atendendo aos compoñentes sintácticos.
- Completa enunciados engadindo adecuadamente unha serie de modificadores dados.
- Identifica razoadamente cláusulas nun texto e distingue entre simples e complexas.
- Recoñece cláusulas subordinadas e distingue entre substantivas, adxectivas e adverbiais.
- Repara na concordancia entre suxeitos e predicados nun texto.
- Recoñece as unidades que desempeñan a función de suxeito en cláusulas dadas.
- Sinala os pronomes adecuados como suxeito de predicados dados.
- Clasifica predicados dados en formas simples e perífrases verbais.
- Distingue entre as cláusulas transitivas e intransitivas dunha serie.
- Clasifica os predicados dunha serie de cláusulas en reflexivos, recíprocos e impersoais.
- Analiza nun texto os complementos directos e substitúeos polos pronomes correspondentes.
- Transforma enunciados substituindo os obxectos indirectos polos pronomes adecuados.
- Analiza os complementos circunstanciais en enunciados dados.
- Identifica e caracteriza nun texto as unidades en función de suxeito.
- Analiza os predicados sinalados nun texto.
- Sinala en cláusulas tiradas dun texto as funcións sintácticas de suxeito, CD, CI e CC, así como as unidades que as desempeñan.

LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.

- Analiza textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos.
- Recoñece o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Propón solucións de mellora para os erros propios e alleos.

LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

- Dá mostras de valorar e utilizar os coñecementos adquiridos no curso para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
- Traduce ao galego unha serie de enunciados en lingua portuguesa.
- Reflexiona sobre a proximidade entre o galego e o portugués e as diferenzas co castelán.
- Infire, a partir do contexto, o significado de "falsos amigos" en lingua portuguesa.
- Dramatiza e comprende un texto bilingüe (galego-inglés).

## BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.

- Dá mostras de valorar e respectar todas as linguas como medios de relación interpersoal e sinais de identidade.
- Define os conceptos "lingua ambiental" e "lingua materna".

LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.

- Coñece, explica e analiza a diferenza entre linguas minoritarias e minorizadas.
- Interpreta, de xeito guiado, gráficos relativos ao uso do galego e reflexiona sobre a situación sociolingüística do idioma.
- Analiza, aplicando os coñecementos adquiridos, o caso do galego como lingua minorizada.

LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.

- Coñece as linguas que se falan en España.
- Dá mostras de valorar as linguas faladas en España como un elemento de riqueza cultural.

LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.

- Comparte a súa experiencia lingüística cos demais membros da clase.

LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.

- Dá mostras de valorar a importancia de falar galego no contexto lusófono.

- Coñece os territorios que integran a comunidade lusófona e calcula, coa axuda dun mapa, o seu tamaño.

LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.

- Emprega recursos de lecer en lingua portuguesa (vídeos en rede) e dá mostras de comprender o seu contido.

LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.

- Coñece o servizo de normalización lingüística do seu concello e dá mostras de valorar a súa importancia.
- Procura información sobre iniciativas pola normalización lingüística no ámbito local e reflexiona sobre estas.
- Infórmase sobre a situación sociolingüística do galego no seu concello e compáraa coa situación doutros contextos.
- Deseña en grupo unha campaña para aumentar o uso do galego no seu concello.
- Dá mostras de interesarse por contribuír á normalización do idioma no seu contorno.
- Define o concepto “lingua materna” ou “lingua inicial”.
- Reflexiona oralmente sobre os factores que condicionan a aprendizaxe e o uso dunha lingua.
- Define os conceptos “bilingüismo individual” e “bilingüismo social” e reflexiona sobre estes a partir da propia experiencia.
- Analiza, de xeito guiado, a evolución da situación sociolingüística do galego nunha década a partir dun gráfico.
- Dá mostras de comprender e rexeitar os prexuízos asociados ao uso do galego.

LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos.

- Define topónimo e antropónimo.
- Amplía o coñecemento dos topónimos do seu contorno e dá mostras de valoralos.
- Analiza a frecuencia dos antropónimos galegos no seu contorno e coñece a forma propia para os nomes en castelán.
- Emprega tres topónimos e tres antropónimos na redacción dun texto breve.

LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.

- Coñece a lexislación relativa ao galego no sistema educativo (Lei de normalización lingüística).
- Reflexiona en grupo, seguindo unhas pautas, sobre a conveniencia da discriminación positiva.
- Analiza, coa axuda duns gráficos, a situación do galego no ámbito educativo.
- Reflexiona por escrito, en relación cun texto lido, sobre a importancia do ensino para a normalización do galego.

LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

- Analiza, de xeito guiado, a propia práctica lingüística.
- Reflexiona sobre o proceso de normalización do galego.
- Dá mostras de valorar a importancia da propia contribución individual e social á normalización da lingua galega.
- Analiza a propia práctica lingüística coa axuda dun cuestionario.

LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.

- Coñece a existencia da Lei de normalización lingüística e mostra explicitamente a comprensión dos aspectos máis relevantes do seu contido.
- Reflexiona, empregando o propio criterio, sobre a situación sociolingüística do galego, en relación coa aplicación da Lei de normalización lingüística.

LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.

- Define “prexuízo lingüístico”, empregando o propio léxico.
- Detecta e analiza, de xeito guiado, a presenza de prexuízos na propia práctica.
- Procura argumentos para rebater os propios prexuízos.
- Recoñece, de xeito guiado, prexuízos de carácter socioeconómico asociados ás linguas.
- Dá mostras de comprender e rexeitar os prexuízos asociados á lingua galega.
- Razoza sobre a validez da lingua galega para a música, facendo uso dos coñecementos e valores adquiridos.
- Reflexiona, a partir dun texto, sobre os prexuízos asociados ao uso do galego.

LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.

- Distingue as diferenzas entre os tipos de rexistro.
- Reflexiona sobre o emprego de diferentes rexistros na súa práctica lingüística.
- Identifica o tipo de rexistro adecuado a diferentes situacións comunicativas.
- Emprega o rexistro adecuado en función do contexto e intención comunicativa.
- Identifica razoadamente o rexistro empregado nun texto e ofrece equivalencias léxicas noutra variante diafásica.

LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela trazos propios da xerga estudantil.

- Recoñece, de forma guiada, o léxico empregado na xerga estudantil.

LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.

- Coñece os trazos da variedade estándar e reflexiona sobre o seu uso.
- Demostra valorar o estándar como variante unificadora.
- Recoñece nun texto a variedade estándar e explica as diferenzas de pronuncia respecto da variedade occidental.

LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

- Reflexiona sobre a existencia de prexuízos asociados ás variedades dialectais.
- Debate sobre o uso do galego nos medios de comunicación.
- Emprega os trazos propios da súa zona en situacións comunicativas acaídas.

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.

- Le con regularidade obras literarias.
- Desenvolve progresivamente o seu criterio lector.
- Coñece a traxectoria dos autores e autoras dos textos de lectura.

LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.

- Asimila, progresivamente, os trazos formais e estéticos dos textos.

LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.

- Le comprensivamente textos poéticos e dá mostras explícitas da súa interpretación.
- Responde correctamente preguntas sobre o contido dos textos.
- Resume o argumento dos poemas.
- Ofrece un título alternativo acaído para composicións poéticas dadas.
- Realiza unha dramatización dun poema da súa elección, por parellas.
- Identifica os trazos xerais do texto poético.
- Recoñece a medida dos versos e a presenza de rima nunha composición.
- Explica algúns dos recursos formais do texto poético: paralelismo, aliteración, antítese e anáfora.
- Le comprensivamente e escoita audicións de poemas cantados e cancións.

LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

- Le expresivamente textos narrativos e comenta o seu contido.
- Identifica os trazos xerais do texto narrativo.
- Coñece os tipos principais de descrición.
- Distingue os tipos principais de narración segundo o punto de vista da voz narradora.
- Le comprensivamente un cómic.
- Comenta a linguaxe gráfica dunha banda deseñada, en relación co seu contido.

LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

- Le dramatizada e comprensivamente un texto teatral.
- Mostra a súa comprensión do contido da lectura.
- Comenta os trazos xerais dun texto teatral dado.

LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

- Escoita unha canción contida nun texto de lectura.
- Compara as coincidencias e diferenzas entre o texto teatral e a canción.
- Define varios xéneros mencionados nun texto.

LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

- Procura cancións galegas e identifica nelas, de forma razoada, os trazos propios do poema

LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

- Clasifica textos dados en narrativos, descritivos e dialogados.
- Identifica nun texto os fragmentos narrativos, descritivos e dialogados.
- Analiza, de forma guiada, textos poéticos atendendo á súa estrutura e métrica.
- Identifica en textos poéticos os recursos formais estudados (paralelismo, aliteración, antítese e anáfora).
- Explica razoadamente a función das anotacións nun texto teatral.

LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.



- Emprega os trazos propios dos textos narrativos, descritivos e dialogados para transformar textos dados.
- Escribe un poema relacionado coa temática dunha lectura.
- Escribe un poema servíndose dun modelo analizado.
- Redacta unha descrición breve de temática relacionada coa dun texto de lectura.
- Escribe un diálogo relacionado coa temática dunha lectura.
- Utiliza os recursos traballados na aula na súa produción escrita.

LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.

- Coñece os trazos definitorios da linguaxe cinematográfica.
- Define, en equipo, termos de uso frecuente na linguaxe cinematográfica.

LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas.

- Analiza, de forma guiada, un tráiler dun filme galego.

LGLB5.9.1. Sévese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

- Realiza, baixo guía, procuras bibliográficas en Internet.
- Aproveita os fondos da biblioteca para a realización de traballos na aula.
- Cita adecuadamente os títulos de libros procurados nas bibliotecas.

## 4. TEMPORALIZACIÓN

### 1º TRIMESTRE:

#### UNIDADE 1

##### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

B1.4. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención á reportaxe audiovisual.

B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.

- O texto expositivo.

##### BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.

B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.

- O texto expositivo.

B2.13. Uso das TIC ( procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.

##### BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con

incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Campo semántico a educación

B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.

B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

#### BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

B4.7. Prexuízos lingüísticos

#### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector, emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.

B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

- Os xéneros literarios

### **UNIDADE 2**

#### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

B1.4. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.

- Denotación e connotación

B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

#### BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.

B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital de textos propios da vida educativa, especialmente , os informes

B2.11. Producción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.

B2.13. Uso das TIC ( procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.

#### BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula

- Campo semántico a música

B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.

- Interferencias lingüísticas

B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.

- O substantivo e o verbo: estrutura morfolóxica

#### BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

#### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados, determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.

- A lírica

B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

### UNIDADE 3

#### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade

B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.

#### BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.

B2.4. Comprensión e interpretación en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente os textos argumentativos

- Os textos argumentativos

B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas

relacións internas e externas dos contidos do texto.

### BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Vocabulario da política
- Os prefixos e os sufixos

B3.7. Recoñecemento da estrutura de verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.

- Relacións entre tempos verbais

### BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

B4.2. O plurilingüismo como riqueza cultural da humanidade.

- Ecoloxismo lingüístico

### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados, determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.

- O ritmo e a rima
- O esquema métrico

B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

## UNIDADE 4

### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de información de crónicas, reportaxes e documentos procedentes dos medios de comunicación audiovisual.

- O cartel

B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade

B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

### BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos dos textos.

- Nexos e conectores textuais: os organizadores

B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.

**BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Vocabulario da publicidade
- A homonimia e hiperonimia

B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.

B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

**BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE**

B4.4. Situación sociolingüística do galego actual

**BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.

B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

- Recursos estilísticos

**2º TRIMESTRE****UNIDADE 5****BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR**

B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.

- Os textos dos medios de comunicación

B1.4. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención á reportaxe audiovisual.

**BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR**

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva de novas de actualidade e de información, procedente dos medios de comunicación.

- A noticia, a reportaxe e a crónica

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do textos.

B2.12. Producción e síntese en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía fundamentalmente narrativos e descritivos.

B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.

**BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Vocabulario dos medios de comunicación
- As siglas, abreviaturas e os acrónimos.

B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.

B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais e dos principais mecanismo de referencia interna tanto gramaticais como léxicos.

- Os conectores causais, consecutivos e concesivos.

**BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE**

B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego.

- A normalización e a normativización

**BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector.

B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

- A narrativa

B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

**UNIDADE 6****BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR**

B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais.

B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias

B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

**BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR**

B2.3. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva de novas de actualidade e de información, procedente dos medios de comunicación.

- A noticia

B2.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.

B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.

### BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Vocabulario sobre a prensa
- A Toponimia e antroponimia

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais e dos principais mecanismo de referencia interna tanto gramaticais como léxicos.

- Os conectores espaciais, de oposición e contraste.

### BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego.

- Iniciativas normalizadoras

### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector.

B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves.

- Modalidades do discurso narrativo
- Os elementos estruturais e formais( tempo,espazo, personaxes)

B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas tanto estruturais coma formais.

B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

## UNIDADE 7

### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.

- A crónica

B1.4. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención á reportaxe audiovisual.

B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade

**BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR**

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.

B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.

B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.

**BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Vocabulario sobre a radio

B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais e dos principais mecanismo de referencia interna tanto gramaticais como léxicos.

- Os mecanismos de referencia interna
- O campo semántico

**BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE**

B4.6. Situación legal das linguas do Estado español

**BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector.

B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves.

- Subxéneros narrativos

B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas tanto estruturais coma formais.

B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

**UNIDADE 8****BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR**



B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.

- A reportaxe

B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais.

B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.

B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCOITAR E FALAR

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.

B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa( tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia e corrección.

B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.

## BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Vocabulario sobre a televisión
- As frases feitas

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais e dos principais mecanismo de referencia interna tanto gramaticais como léxicos.

- Os mecanismos de referencia interna

B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.

## BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

- O galego estándar

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan o xénero.

- O teatro

B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

## **UNIDADE 9**

### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR**

B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.

B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.

### **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR**

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.

B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa( tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia e corrección.

B2.13. Uso das TIC(procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.

### **BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Vocabulario do teatro
- Os xentilicios

B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais e dos principais mecanismo de referencia interna tanto gramaticais como léxicos.

- Os mecanismos de cohesión textual: deixe persoal, espacial e temporal

### **BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE**

B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade

### **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.

B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan o xénero.

- O teatro

B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

### **3º TRIMESTRE**

#### **UNIDADE 10**

##### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR**

B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.

B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.

##### **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR**

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: o diario, as cartas persoais, solicitudes..

- o diario

B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.

B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.

##### **BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Vocabulario da edición
- As relacións semánticas: antonimia e sinonimia
- 

B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais e dos principais mecanismo de referencia interna tanto gramaticais como léxicos.

- Mecanismos de cohesión textual: anáfora e catáfora

B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

B4.3. A Lusofonia

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

**UNIDADE 11**

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo.

- A solicitude

B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.

B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais.

- A solicitude

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa( tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia e corrección.

B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Vocabulario da internet
- Os neoloxismos

B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais e dos principais mecanismo de referencia interna tanto gramaticais como léxicos.

- Mecanismos de cohesión textual: sinonimia, hiperonimia e correferencia

B3.12. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.

#### BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

B4.8.Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

- As variedades da lingua

#### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

- Monicreques, mimo e outras formas de representación.

### **UNIDADE 11**

#### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

B.1.6. Producción de discurso orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

#### BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

B.2.5. Uso autónomo das TIC e aplicacións dixitais colaborativas para aprender, presentar e compartir as tarefas realizadas.

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa( tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia e corrección.

B2.11. Producción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.

#### BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- O cine
- Os cambios semánticos

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais e dos principais mecanismo de referencia interna tanto gramaticais como léxicos.

- Mecanismos de cohesión textual: a elipse

B3.11. Participación en proxectos(elaboración de materiais multimedia, folletos, cartesis,

recensión de libros e películas..) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro.

#### BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

B4.8.Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

- As variedades diafásicas: os rexistros

#### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.

- O guión cinematográfico

### 5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de diversos tipos de textos (orais e escritos; do ámbito persoal e social; dos medios de comunicación; narracións, descricións, diálogos, instrucións, exposicións e argumentacións)
2. Diferencia as ideas principais e a secundarias e identifica a intención comunicativa en diferentes tipos de textos.
3. Recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solución para melloralas.
4. Produce textos orais e escritos adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
5. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.
6. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios, e outras fontes de información, tanto en versión impresa como dixital.
7. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.
8. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.
9. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.
10. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
11. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
12. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.
13. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.
14. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.

15. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.
16. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo local.
17. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega, rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.
18. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais e escritos propios e alleos. Trata de evitalos e trata, tamén, de propor solucións para a súa mellora.
19. Coñece as características principais (temáticas e formais) dos xéneros e subxéneros literarios
20. Le con regularidade obras literarias e desenvolve o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia persoal e outros coñecementos adquiridos.

## 6. RECUPERACIÓN DOS ALUMNOS COA MATERIA DE 1º SUSPENSA

Os alumnos de 2º da ESO con LGL de 1º da ESO suspensa poderán escoller entre dous métodos para superar o nivel do curso anterior.

1. Aprobarán o nivel de 1º da ESO os alumnos que superen as dúas primeiras avaliaciões con notas iguais ou superiores ao cinco.
2. Poderán, ademais, presentarse ao exame sobre os contidos e destrezas do nivel pendente de aprobar na convocatoria que estableceza a X.E. do centro durante o mes de abril.

Os alumnos serán atendidos, ben no horario de aula ben noutros momentos, segundo a disponibilidad do profesor ou profesora do nivel, para resolver as dúbidas ou carencias que o alumno queira consultar ou o profesor detecte no desenvolvemento da actividade diaria na aula. Tamén, a criterio do profesor ou profesora poderá proporcionar ao alumno ou alumna material complementario que lle facilite o repaso ou práctica dos contidos e destrezas do nivel aínda non superado.

## 7. PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA PARA 2º DA ESO.

A lista serve como referencia para a profesora ou profesor do nivel. En todo caso pode establecer un número limitado de títulos para escoller ou establecer un título obrigado para cada avaliación dentre os títulos citados abaixo ou os que considere oportunos.

*Agardarei por ti en África.* **Blanca Álvarez.** Planeta-Oxford

*A expedición do Pacífico,* **Marilar Aleixandre,** Xerais

*Águeda e o misterio dos calcetíns.* **Paula Señarés,** Galaxia

*A malvada María Xosé,* **Miguel Vázquez Freire,** Xerais

*Amor dos quince anos,* **Marilyn,** **Agustín Fernández Paz,** Xerais

*A pel do mundo,* **Berta Dávila,** Galaxia

*As flores radiactivas,* **Agustín Fernández Paz,** Xerais

*Ata que o saibas todo*, **Juan Kruz Igerabide**, Oxford

*A teima de Xan*. **Antonio García Teijeiro**, Galaxia

Calquera noite pode saír o sol. **Joaquím Micó**. Galaxia.

*Cando petan na porta pola noite*, **Xabier P. Docampo**, Xerais

*Cartas de amor*, **Fran Alonso**, Xerais

*Conta as estrelas*. **Lois Lowry**. Planeta /Oxford

*Contos azuis*. **Fernando Cabeza Quiles**. Galaxia

*Dragal*. **Elena Gallego**. Xerais

*Espinacas sobre rodas*. **Renate Welsh**. Galaxia

*Estanislao, príncipe de Sofrovia*, **Manuel Lourenzo González**, Xerais

*Intercambio cun inglés*, **Christine Nöstlinger**, Oxford

*Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, **Ledicia Costas**, Xerais

*Masculino singular*, **Carlos Negro**, Xerais

*O achado do catro*, **Manuel Núñez Singala**, Galaxia

*O amor e as palabras*, **María Victoria Moreno**, Urco Editora

*O misterio das badaladas*, **Xavier P. DoCampo** Xerais

*O misterio de Portomarín*. **Antía Yáñez Rodríguez**. Galaxia.

*O pazo baleiro*, **Xabier P.Docampo** Xerais

*Pel de lobo*, **Xosé Miranda** Xerais

*Penúltimas tendencias*, **Carlos Negro**, Xerais

*Pioneiras*, **Anaír Rodríguez**, Xerais

*Pippi Mediaslongas*, **Astrid Lindgren**, Kalandraka

*Prohibido casar, papá*, **Fina Casalderrey**, Galaxia

*Que desfeita* (contos). **Paul Jennings**, Galaxia

*Retrincos. Un ollo de vidro*, **A.D.R. Castelao** Galaxia

*Sempre quente o sol*, **A. García Teijeiro**, Alfaguara

*Tanis I o Mocos*. **M. Lourenzo González**. Xerais.

*Trece anos de Branca*, **Agustín Fernández Paz**. Rodeira

*Unha historia familiar*. **Christine Nöstlinger**, Oxford